


base para futuras investigacións e tamén docentes que teñan interese e curiosidade por achegarse á historia da educación de Ourense.

Na recomposición da Historia da Educación en Galicia, á que veñen contribuíndo diversos investigadores nas últimas décadas, existe xa un axeitado marco global nas obras de Narciso de Gabriel e Antón Costa, preferentemente, completado en cada nova investigación de ámbito xeográfico mais reducido, pero con novas achegas de datos, fontes e interpretacións, que nos permiten achegar mais claridade ao pasado da educación na Galicia contemporánea. Con este traballo de Rosa Cid Galante constátase o papel que unha provincia, eminentemente rural, xogou nos cambios educativos do primeiro terzo do século XX. Un rico movemento cultural, unha prensa dinámica e vangardista, unha intelectualidade que estaba ao corrente do que pasaba no mundo, e un maxisterio que apostou decididamente por formar parte dese movemento, rompendo o estigma tradicional de profesional con baixo salario e pobre formación, que bailaba ao ritmo dos caciques e forzas vivas provinciais e locais.

Antía CID RODRÍGUEZ
UDC



FERNANDO ÁLVAREZ-URÍA (2015):
El reconocimiento de la humanidad. España, Portugal y América Latina en la génesis de la modernidad. Madrid: Morata

Andan mal os tempos para o coñecemento, a escoita, a reflexión rigorosa, o coidado do común, o debate, a crítica argumentada, a conversa, a colaboración desinteresada, a espera; ingredientes fundamentais para aprender a poñernos no lugar das outras, para cuestionar as nosas tradicións cando xeran discriminación ou inxustiza, para a liberdade de pensamento. En definitiva, para cultivarmos a humanidade.

O pensamento dominante, presentándose como o único posible, di construírse á marxe de ideoloxías, aspira a poñer de moda o que Emilio Lledó ten nomeado como practiconería, e aliméntase con fortes doses de individualismo, competitividade, consumo superfluo, medo imaxinario e tamén da emotividade das descualifica-

cións. Indicios de que vimos de estrear un novo estilo, un novo modo de vida, iso si, non baixo mandatos e prohibicións, senón baixo un manto de fina persuasión, estratexia posmoderna onde as haxa, que fai que sexamos moito menos libres do que estamos dispostas a admitir.

Para ir en contra e poder avanzar cara a sociedades de cidadáns unidos por un novo tipo de racionalidade alternativo a este neoliberalismo, Álvarez-Uría defende a categoría de xénero humano como unha das pedras preciosas da modernidade. Rompendo coa amnesia e o descoñecemento, o profesor achega pistas para que entendamos como, con certa inconsciencia, podemos estar asistindo a un proceso de declive da humanidade. Arroxa luz sobre esa especie de esclerose crónica que incapacita para avanzar con paso firme cara a un sistema democrático consolidado, un sistema político racional, sólido e solidario; e reclama, a gobernos e movementos sociais, que prioricen nas súas axendas os ideais modernos, laicos, de liberdade, igualdade, solidariedade e democracia participativa.

Na construción desta historia do presente da humanidade convidanos a navegar río arriba desta historia, e fainos partícipes con precisión e paciencia das etapas históricas mediadoras, para podermos distinguir as persistencias do pasado das innovacións. Descubrimos, así, materiais imprescindibles para a identificación do bo goberno coa defensa do ben común, do papel da educación universitaria na creación das mentalidades; de maravillosos inventos, aventuras, valentías e imaxinación de persoas e institucións colectivas. Pero tamén asistimos a unha historia de redes de poder, ambicións, trampas, negocia-

cións, prohibicións, grupos de presión, envexas, vinganzas, intereses económicos, dinastías, dobre moral, segredos, castigos crueis. En definitiva, unha Historia de rabiosa actualidade.

Álvarez-Uría parte da tese de que foi o descubrimento do xénero humano no século XVI, no marco do mundo católico, o detonante que fixo posible o proceso de secularización, o proceso de formación dunha modernidade alternativa en que España, Portugal e América Latina ocuparon o centro. Velaí o punto de partida da investigación: había unha modernidade alternativa, unha primeira modernidade do Sur.

Para explicar este proceso de secularización, identifica e desenvolve tres liñas de forza: o desenvolvemento do humanismo cívico, entendido como un rexuvenecemento do republicanismo clásico; o descubrimento de América, que favoreceu a acumulación de capitais nas primeiras fases do nacente capitalismo e que ensanchou o mundo á luz de novas formas de pensar, de novos problemas; e a expansión da imprenta, que favoreceu o paso das armas ás letras.

Se ben neste cambio intelectual, imprescindible para abrir a vía ao desenvolvemento do pensamento laico, salienta o importante papel xogado polas universidades que, convertidas en centros de reflexión e discusión, postularon a separación entre a razón e a fe, elaboraron o concepto de natureza pura, problematizaron a lexitimade dos imperios e defenderon a liberdade e a igualdade natural de todos os seres humanos. Asuntos de fondo, cos que se cuestionaba o peche de pobres, a discriminación de conversos e mouriscos, a escravitude natural, a caza de bruxas, en fin, o mundo

dos encantamentos. Seguindo as palabras do autor, este descubrimento da humanidade cívica permitiu abrir desde a relixión a saída da relixión.

Sobre o bloqueo desta incipiente modernidade, trata a segunda das teses desenvolvida minuciosamente polo profesor. O proceso de emancipación da razón dun pensamento atravesado polas representacións máxico-míticas, pronto se viu freada e dobregada polos poderes instituídos, ao se identificar o Estado coa policía da fe. O autor explica con todo luxo de detalles o papel da Santa Inquisición e dos centros educativos católicos, en que se impuxo a ensinanza confesional como engrenaxe fundamental neste retroceso.

As fontes utilizadas, base das análises socio-históricas, exemplifican a busca de novos marcos interpretativos que axuden a comprender os procesos e o sentido das tramas en profundidade. Xunto coas múltiples referencias bibliográficas, priviléxíase un tipo específico de documentos: as cartas. Coa súa lectura, entramos case vitalmente nos séculos XV, XVI e XVII, e descubrimos que, lonxe de seren predominantemente escritos relativos a asuntos privados, a miúdo copiábanse, imprimíanse e circulaban de man en man ata o punto de que contribuían a conformar a opinión pública. Estas relacións epistolares poñían de manifesto a natureza das relacións persoais, pero tamén as relacións de forza, os debates intelectuais, os conflitos de intereses, os segredos, as paixóns, as intrigas e as reconciliacións. En fin, a natureza mesma das relacións de poder.

Libros en formato de diálogo, coloquios e eleccións foron tamén recursos especialmente interesantes para analizar cuestións polémicas e controvertidas, que eran

abordadas con argumentos de autoridade convincentes e moi pedagóxicos. De todos, destacan as Disputas quodliberais: "As disputas no campo intelectual equivalían aos torneos na arte da guerra" (páx.: 209). Efectivamente, consistían en debates ou torneos verbais sobre os problemas máis diversos de actualidade na época. Vallan como exemplo a disputa dialéctica ao redor das raíces e dos límites da liberdade, ou sobre a cuestión de fondo do dominio español en América que problematizaba a lexitimidade da servidume por elección voluntaria (coacción/consentimento). O feito de situar a discusión e a palabra no centro mesmo da busca da verdade, contribuía á liberdade de pensamento e requiría que as sesións de deliberación se desenvolveran durante meses.

Para finalizar este necesario e interesante debate verbo da natureza da modernidade, propónsenos a conexión entre dereitos humanos, democracia e laicidade na sociedade global. Para o autor, pensar sobre o modo de vida que queremos vivir, esixe preguntármonos sobre o grao de presenza do poder relixioso nos asuntos políticos, na vida cotiá; dos efectos do fortalecemento ou desmantelamento do Estado de benestar, da expulsión/integración de emigrantes pobres, das finalidades da educación universitaria, da mercantilización ou humanización da vida, do adoutramento ou a liberdade de pensamento. Entende que a defensa do xénero humano pasa pola abolición universal da pena de morte, a destrución das armas nucleares, a desmilitarización, o desenvolvemento do pacifismo, a redistribución dos bens da terra, a defensa da liberdade e da dignidade... Pasa, xa que logo, por unha internacionalización do xénero humano.

Insistindo na urxencia de repensar, de entender a lóxica do presente e actuar en consecuencia, de facérmonos preguntas respecto do sentido da vida: estamos a cultivar a humanidade? Que xera hoxe benestar, felicidade? Eu preguntaría tamén a Julia Varela, que modos de educación necesitamos para esa nova racionalidade? Que ingredientes? Que novas formas de subxectivación a esixirían?

Mentres lía as 367 páxinas, sosegadamente, con pausas e lecturas nalgúnas das teses defendidas, pensei moito no estudiantado universitario, en propoñerlles esta lectura como obrigatoria, aínda que non saiba en concreto en que materia. Imaxinei o alumnado dando por suposto que se trataba dun "armatoste voluminoso", busquei emocións e razóns para demostrarlles como o coñecemento rigoroso é o único camiño posible para entender a actualidade na súa dimensión máis profunda. Pensei en como transmitirlles a necesidade de seguir desenvolvendo unha predisposición favorable cara aos saberes, cara á procura da interdisciplinabilidade, e non conformarnos con resumos e simplificacións. Ilusióname pensar que farán seu este propósito.

É este un libro que esixe tomar partido. Desde as primeiras páxinas ponnos na tesitura de optarmos pola comodidade da indiferenza ou polo compromiso de ensanchar a liberdade de pensamento. Álvarez-Uría sabe que a humanidade non se dá en calquera sitio, e que require de certo cultivo, de certas condicións, como tamén ten reflexionado a filósofa Marta Nussbaum:

Co fin de cultivar a humanidade no mundo actual, requírense tres habilidades. A primeira é a habilidade para un exame crítico

dun mesmo e das propias tradicións, que nos permita o que, seguindo a Sócrates, poderíamos chamar 'vida examinada'. É dicir, unha vida que non acepta a autoridade de ningunha crenza só polo feito de que fose transmitida pola tradición ou se fixese familiar a través do costume; unha vida que cuestione todas as crenzas e só acepta aquelas que sobreviven ao que a razón esixe en canto a coherencia e xustificación (...). Segunda: A cidadanía que cultiva a súa humanidade necesita, ademais, a capacidade de verse a si mesma non só como cidadáns pertencentes a algunha rexión ou grupo, senón tamén, e sobre de todo, como seres humanos vinculados aos demais seres humanos por lazos de recoñecemento e mutua preocupación. (...) O anterior require unha gran cantidade de coñecementos... das culturas non occidentais, das minorías dentro do seu propio mundo, das diferenzas de xénero e de sexualidade. A terceira destreza que debe posuír o cidadán, estreitamente relacionada coas dúas primeiras, pode chamarse *imaxinación narrativa*. Isto significa a capacidade de pensar como sería estar no lugar de outra persoa, e comprender as emocións, desexos e anhelos que alguén así puidera experimentar (...) Este primeiro paso de entender o mundo desde o punto de vista do outro é esencial para calquera xuízo responsable. A cidadanía intelixente necesita máis que estas tres capacidades. O saber científico tamén é de primeira importancia. (Nussbaum, 2005, 29-30).


Álvarez-Uría é, ao meu criterio, un bo profesor. Forma parte dese grupo de profesorado que favorece, diría potencia, o desenvolvemento destas habilidades. Profesorado que transmite paixón polo coñecemento, polo traballo rigoroso, concienciado, estudioso, agudo; con ironía e sentido do humor, pedagóxico: ademais de explicar ben o que saben, o que descubren, empéñanse en se asegurar

de que se entende, que se aprende, propiciando a configuración da opinión propia. Formando.²

Vivimos nun mundo que aspira a ser moderno, é dicir, racional, secular, igualitario, democrático. En definitiva, xusto, entendendo por sociedades xustas “aquelas en que desapareceu a servidume e se reducion as desigualdades, é dicir, sociedades en que o sustento da humanidade, a economía, xa non se rexe pola lóxica do lucro, polo interese privado, individual, senón que opera ao servizo dos intereses colectivos ao quedar a orde económica supeditada aos servizos públicos e a mecanismos de protección social que proporcionan unha cobertura social ás persoas en nome do dereito común de humanidade.” (páx.: 351).

Estamos, por tanto, obrigadas a ser (persoas) modernas.

Ana IGLESIAS GALDO
Facultade de Ciencias da Educación.
Universidade da Coruña



MAGALHÃES, J. (2010). *Da cadeira ao banco. Escola e modernização (Séculos XVIII-XX)*. Lisboa: Universidade de Lisboa/Instituto de Educação, 644 pp.

O recoñecido historiador da educación portugués Justino Magalhães ofrécenos un interpretativo análise sobre a conformación do sistema nacional de educación en Portugal. Dise na solapa que o principal obxecto aquí historiado é a formación do sistema escolar portugués, abordado de forma integrada, nas súas diferentes conxunturas: estatalización (no cabo do século XVIII), nacionalización (no XIX) e posterior gubernamentalización e “reximentación”. Conxunturas que corresponden a complexos históricos, transversais no mundo occidental no que Portugal se inscribiu.

A metáfora Da cadeira ao banco simboliza un proceso pedagóxico, social, político e transcultural de case dous séculos

² Vanme permitir que esta opinión que expreso sobre do profesor Álvarez Uría, a faga extensiva a Julia Varela, pois non consigo darlles a individualidade que lles pertence. Para min van sempre xuntos e mesmo forman trío co profesor Narciso de Gabriel, quen me descubrira os seus traballos hai agora 20 anos e cos que desde aquela comparto lecturas e conversa.